

Valoracións, percepcións
e impacto das políticas de
**igualdade entre
mulleres e homes**
na **Universidade de Vigo**



Estudo das valoracións, percepcións e impactos das políticas de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo

Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo

Consultora Red Talento

Financiado cos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero:

1.1.8. Implicar ás Unidades de Igualdade das Universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no eido universitario e valorar, no seu caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos campus universitarios e de xeito particular, as agresións sexuais "en cita".

1.4.41 Incluir na publicación do Instituto de la Mujer, "Mujeres en Cifras", un novo capítulo sobre a presenza de mulleres na industria cinematográfica e a xestión cultural, que identifique a fenda de xénero a través de indicadores cuantitativos e cualitativos.

8.257. Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade dos mesmos. Realizar estudos de prevalencia e deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais.

Valoracións, percepción e impactos das políticas de **igualdade entre mulleres e homes** na Universidade de Vigo

Ficha técnica do estudo

- Universo: poboación universitaria dos tres campus da Universidade de Vigo (profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos (PAS), homes e mulleres maiores de 18 anos)
- Tipo de estudo: cuantitativo, subministración de cuestionario en entrevistas presenciais
- Deseño da mostra: aleatoria simple
- Tamaño da mostra: 375 entrevistas
- Marxe de erro: 5 %
- Índice de confianza: P = Q = 50 %, 95 %
- Data do traballo de campo: 7-10 de outubro de 2019

Estudo realizado nos tres campus e en once escolas ou facultades

No campus de Vigo participaron as escolas de Enxeñaría Industrial, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría de Minas e Enerxía (1 entrevista) e as facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo, e Ciencias Económicas e Empresariais.

No campus de Ourense participaron o alumnado, o profesorado e persoal de administración e servizos das facultades de Ciencias, Ciencias da Educación, Dereito e Ciencias Empresariais e Turismo.

No campus de Pontevedra as entrevistas realizáronse nas facultades de Belas Artes e na de Ciencias Sociais e da Comunicación.



Principais conclusións

O 73 % do alumnado da Universidade de Vigo quere mellorar os seus coñecementos en materia de igualdade e que estes se recoñezan con créditos ECTS. Esta é unha porcentaxe significativa que indica a gran predisposición do alumnado a recibir formación curricular sobre igualdade e desmonta mitos sobre a utilidade da formación universitaria en materia de xénero e de igualdade (o 64 % son mulleres e un 36% son homes).

O 67 % do profesorado e do PAS da Universidade de Vigo desexa recibir horas de formación profesional en igualdade.

O esforzo que a Universidade de Vigo realiza en materia de igualdade recibe de nota media un 6 entre o conxunto da comunidade universitaria; por tanto, é un traballo percibido e razoablemente valorado.

Quen máis valora este esforzo é o profesorado, con máis dun punto sobre a media: un 7,1.

O alumnado é o grupo máis crítico cun 5,8 pero que aproba igualmente o esforzo, e non existen diferenzas significativas por sexo.

O PAS valora cun 6,2 a percepción sobre esta cuestión.

Sobre políticas concretas de igualdade da universidade, un 20 % manifesta coñecer algunha, pero só o 16 % cita ou define algunha destas políticas da Universidade de Vigo e un 14,7% puntuáas.

A pesar de que o grao de coñecemento das políticas de igualdade na Universidade de Vigo é baixo, as valoracións son altas.

A porcentaxe do alumnado que afirma coñecer as políticas e as accións de igualdade da Universidade de Vigo é moi baixo.

Máis da metade do profesorado, o 55,9 %, coñece como mínimo unha política ou acción de igualdade concreta desenvolvida pola Universidade de Vigo.

Entre o conxunto da comunidade universitaria, os seminarios sobre igualdade son as políticas ou accións máis coñecidas e teñen unha valoración alta dun 7,6.

O Plan de igualdade é coñecido polo 2 % e a Unidade de Igualdade só polo 1 % do total, e polo 6,8 % das persoas que din coñecer políticas de igualdade, ao igual ca o protocolo contra o acoso sexual.

Destaca o baixo coñecemento que teñen as medidas contra a explotación sexual e contra a violencia de xénero (só as coñece unha persoa) e o uso da linguaxe non sexista (que recibe un 6,5 de valoración).



Os puntos lilas son as políticas máis coñecidas entre o alumnado.

O alumnado valora e coñece máis as accións de divulgación e de sensibilización (cartelaría, campañas, seminarios etc.) ca as medidas de carácter estrutural como a composición de tribunais paritarios, linguaxe non sexista ou financiamento para a ciencia, que non foron citadas por ningún alumno ou alumna.

A política máis coñecida polo PAS é o Plan de igualdade, que recibe unha valoración de 8,3.

Respecto da violencia de xénero, hai un preocupante descoñecemento sobre o concepto de violencia de xénero.

Nas facultades de Enxeñaría Industrial e Enxeñaría de Telecomunicación un 73,5 % das persoas participantes sinalaron que esta violencia se exerce indistintamente tanto de homes a mulleres coma de mulleres a homes. É dicir, non vinculan a violencia de xénero como a que se exerce contra as mulleres polo feito de selo.

Tamén cómpre resaltar que nas facultades de Ciencias Xurídicas e Empresariais, Dereito e Ciencias Económicas e Empresariais, conxuntamente coa de Ciencias da Educación, se achegaron as definicións de violencia de xénero máis axustadas ás leis, ao Convenio de Istanbul e ás Nacións Unidas.

Un 36,5 % das persoas participantes achegou elementos negacionistas da violencia de xénero ou sinalou que é unha violencia exercida indistintamente entre homes e mulleres. O 70 % destas definicións foron dadas por homes.

Unha das principais conclusións deste estudo é que na comunidade universitaria predomina a confusión sobre a definición de “violencia de xénero”. Son altas as porcentaxes que, posiblemente sen ser esa a súa intención, afirman que a violencia non ten xénero, asumindo indirectamente o negacionismo dalgúns discursos políticos e sociais.

A pesar deste dato, hai un positivo rexeitamento de falsos tópicos erroneamente relacionados coa violencia de xénero respecto á dependencia económica das vítimas ou do baixo nivel formativo e que se manifestan no estudo.

As medidas para combater a violencia de xénero da Universidade de Vigo non chegan ao aprobado das persoas participantes cunha valoración media dun 4,9 aínda que si alcanza o 5 na media.

Con relación ás definicións achegadas no estudo sobre as agresións sexuais, a inmensa maioría vencella a violencia sexual coa falla de consentimento. Nun 31 % destas definicións empregan a expresión «non consentimento» ou «non consentida».

Aínda que non se formulou directamente a pregunta sobre a regulación da prostitución, hai un rexeitamento contundente da afirmación que se pedía valorar sobre se a regulación pode ter efectos na diminución de agresións sexuais.

Practicamente a metade da poboación universitaria foi vítima de tocamientos no cu nalgún espazo público (rúa, zonas de lecer etc.) ao longo da súa vida e un 60 % sufriu acoso verbal nas rúas. De feito, o acoso verbal nas rúas e os comentarios sobre o físico son unha temática preocupante para o 90 % das mulleres.

Un 23 % das persoas preguntadas reconece que ao longo da súa vida alguna vez recibiu fotos dos xenitais de alguén que as enviou sen o seu consentimento e a porcentaxe de alumnas que recibiu estas fotos supera á dos alumnos.

O 7 % de toda a poboación universitaria participante reconece que, nalgún momento da súa vida, foi obrigada a manter relacións sexuais sen preservativo, e un 3 % sinalou que ao longo da súa vida foi obrigada a practicar sexo oral. É significativo que quenes reconeceron ter vivido estas situacións foron unicamente mulleres.

Na definición do «feminismo», a gran maioría incorpora a palabra «igualdade» e case a metade emprega a palabra «mulleres» nas súas definicións.

Máis dunha terceira parte das persoas define o feminismo como un «movemento» fronte a pouco máis dun 2,4 % que o define como «pensamento» ou como «ideoloxía».

O 60 % da comunidade universitaria asistiu a convocatorias masivas como as que teñen lugar cada 8 de marzo ou o 25 de novembro, e un 27 % declara ter asistido ás manifestacións de apoio á vítima de La Manada no San Fermín.



Queda patente no estudo que se manteñen as «vellas formas e métodos de acoso, abuso e agresión sexual», ao tempo que se están incorporando novas formas de agresión e de acoso a través das novas tecnoloxías e das redes sociais. En todo caso, debe quedar claro que non hai substitución senón ampliación nas formas de abuso, acoso e agresión sexual.

Os datos da comunidade universitaria referidos á conciliación están moi relacionados co poder adquisitivo e coas retribucións, máis altas no profesorado ca quen manifesta en maior grao recorrer a terceiras persoas remuneradas para o traballo non remunerado de tarefas domésticas.

A conciliación é un asunto sen resolver e así é percibido xeracionalmente por toda a comunidade universitaria participante que indirectamente reconece unha falla de cultura da conciliación.

O 25 % do alumnado teme deixar o traballo por ter que coidar persoas dependentes, mentres que ese temor baixa entre o profesorado ao 17 % e ao 14 % entre o PAS.

Sobre o teito de cristal, en relación coa valoración da situación das mulleres en institucións e en organizacións, a Universidade de Vigo é a institución mellor valorada respecto á igualdade, conxuntamente coas asociacións estudiantís.

As peores valoradas pola comunidade universitaria son os clubs deportivos, o Ibex 35 e as forzas e os corpos de seguridade.

Das organizacións empresariais e sindicais, as mulleres cren en maior medida ca os homes que as desigualdades son moi grandes. A opinión sobre a igualdade nos partidos políticos é contundente e o 77 % cre que a desigualdade é moi grande ou bastante grande, especialmente as mulleres.

No que atinxe á opinión de diferentes aspectos ou situacións vividas na Universidade de Vigo, o maior pesimismo radica ante a posibilidade de conciliación, o acceso a postos de goberno dentro da universidade e o acceso a postos de responsabilidade.

Solicitouse que indicasen o posto de traballo que pretenden acadar nun futuro, e a preferencia é «exercer a súa profesión con estabilidade pero sen responsabilidades».

Dirixir ou ser xefe ou xefa son aspiracións futuras que só espera unha cuarta parte das persoas entrevistadas.

As mulleres do PAS rexeitan nun 17 % as responsabilidades e un 16 % dos homes manifesta querer ser técnico ou especialista. Só o 9 % das mulleres sinala o seu desexo de chegar a xefa e un 4 % ten aspiracións políticas.

O groso do alumnado naceu entre 1994 e 2001 (74 %) e pertence masivamente á Xeración Z, que constitúe o motor real da comunidade universitaria, e o profesorado e o PAS nutren a coñecida como Xeración X (nados entre 1969-1980).

Como ocorre no conxunto da universidade española, as alumnas non se reparten equilibradamente por estudos e hai carreiras moi feminizadas como ciencias da educación e outras, como as ciencias, tecnoloxías, enxeñarías e matemáticas (STEM), seguen cunha forte masculinización.

O 85 % da poboación universitaria entrevistada está solteira e desta o 45 % tampouco ten parella, e só un 20 % do total convive en parella.

O 98 % do alumnado está solteiro e o 52 % non ten parella. Só un 11 % está casado e o 10 % ten parella coa que vive.





O 50 % do profesorado entrevistado está casado e o 45 % convive en parella. Os datos amosan algunha diferenza por sexo, xa que o 72 % dos profesores están casados, mentres que nesta situación só o están o 28 % das profesoras, que son máis novas.

Máis da metade do alumnado vive coa súa familia, e son maioritariamente alumnos fronte a alumnas os que se atopan nesta situación (55 %-45 % de mulleres), dato que pode indicar unha emancipación lixeiramente máis precoz das alumnas respecto dos alumnos, ao igual que sucede en Europa e en España.

Do 49 % do alumnado que vive fóra do fogar familiar, a maioría, un 61 %, son mulleres.

Un 55 % de pais e nais do alumnado foi á universidade, e existen diferenzas entre alumnos e alumnas. Un 66 % dos alumnos son fillos/as de nais e pais con estudos superiores e a porcentaxe sobe ao 74 % entre as alumnas.

É un dato relevante que o 32 % do alumnado conta con algún ingreso propio e que nun 93 % estes ingresos non acadan o salario mínimo.

No profesorado existen diferenzas salariais por sexo e as mulleres obteñen ingresos máis baixos.

No PAS non se detectan diferenzas salariais por sexo, polo menos entre as persoas entrevistadas. Mesmo se pode sinalar que os salarios son máis altos entre as mulleres.

Sobre a contribución das diferentes fontes de ingresos e de financiamento para costear os estudos do alumnado, os ingresos dos pais, das nais ou de ambos son o principal garante da educación universitaria do alumnado e de media contribúen nun 75 % a que os seus fillos e fillas acudan á universidade.

As bolsas contribúen nun 47 %, e a familia extensa (normalmente avós e avoas) cobre un 46 % dos gastos da factura universitaria.

Un 28 % do alumnado traballa durante o curso e consegue así ingresos estables que lle permite facer fronte ao 35 % da factura universitaria.

Os traballos de fin de semana son insuficientes para cubrir as necesidades económicas da poboación universitaria e de media supón só o 20 % da factura.

O 41 % dos alumnos viven fóra do fogar familiar, fronte ao 56 % das alumnas.

Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

